



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E TRES DE NOVEMBRO DE 2022 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Vogais:	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
SECRETARIO:	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día vinte e tres de novembro de dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (26/10/2022).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de outubro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes, logo de facer a corrección que de seguido se indica:

“No punto 2.11.- Comunicación de obra de Solar Profit Energy Services, S.L. (Expediente número 2022/U026/000074), as actuacións levaranse a cabo en Quintáns, núm. 37 e non 38 como figura por erro”

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 202099900000950 de dona Marta Buján Pereiras. (Expediente núm. 2020/U022/000013)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada expón:

-A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 19/04/2022 acordou a concesión da seguinte licenza:

“2.14.- Instancia núm. 202099900000129 de dona Marta Buján Pereiras (Expediente 2020/U022/000013).

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Trobe (San Andrés) - Vedra, solicita licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar en Argunte – Ribadulla (San Mamede) Vedra (expediente núm.: 2020/U022/000013), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. (N-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Manuel José Martínez López, en calidade de arquitecto, coas seguintes características: ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; número de plantas: B+1. Altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50700411.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta da autorización outorgada por Augas de Galicia no expediente clave: DH.B15.72044.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Manuel José Martínez López con número de visado 2101546.1-4.

...”

-Finalmente non se vai a executar a construción da vivenda polo que comunica a renuncia á mesma e solicita a anulación do imposto de construcións, instalacións e obras liquidado no expediente.

Consta no expediente informe emitido polos servizos técnicos municipais, de data 27/10/2022, constatando que non se iniciaron as actuacións obxecto da licenza concedida.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

1º.- Deixar sen efecto a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local con data do 19/04/2022 no expediente municipal número 2020/U022/000013.

2º.-. Anular, ao terse constatando a non execución do feito impositivo, a liquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras do expediente, de data 20/04/2022, e que ascendeu á cantidade de catro mil cincocentos dous euros con seis céntimos (#4.502,06#)

2.2.- Instancia núm. 202200000000734 de dona María Valdés Castro. (Expediente número 2022/U022/000024)

Dáse conta do citado expediente promovido por dona María Valdés Castro, para construción de adega, no lugar de Cubelas da parroquia de San Pedro de Sarandón, neste termo municipal, na parcela con referencia catastral 15090A50600326, cualificada polo vixente PXOM como solo rústico de protección forestal (R-3), e nos termos do anteproxecto presentado, asinado por Brais Vázquez Rey e José M. Pena Alonso en calidade de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas, número de visado 20200187 e data 17/03/2020.

Dáse conta, así mesmo, da exposición ao público, polo prazo dun mes, do mencionado expediente segundo o anuncio publicado no taboleiro de edictos do concello e no xornal "La Voz de Galicia" o día 29/09/2022, durante o que non se presentaron alegacións.

Dáse conta tamén dos informes técnicos e xurídicos que constan no expediente tramitado e do informe sectorial emitido por Medio Rural.

A Xunta de Goberno local acorda remitir o expediente tramitado, así coma a documentación técnica achegada, ao Servizo de Urbanismo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para os efectos previstos no artigo 38 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

2.3.- Comunicación de obra de dona Raquel Fernández Castiñeiras. (Expediente número 2022/U026/000021)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Raquel Fernández Castiñeiras para rehabilitación de edificación auxiliar consistente en retirar a tella existente e colocar pranchas de fibrocemento e nova tella, gornecer con morteiro e pintar de cor branca.

Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 26/10/2022, expediente: 1529/22 .

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000101900NH43C, emprazada en Vilarpiñeiro, 10 - Trobe (San Andrés), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta e seis euros con vinte e catro céntimos (#86,24#).

2.4.- Comunicación de obra de dona María Esther González Fernández. (Expediente número 2022/U026/000035)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona María Esther González Fernández para rehabilitación de vivenda unifamiliar consistente en substitución de tella na cuberta e soportal da vivenda nos termos da documentación técnica achegada asinada por José M. Pena Alonso en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e de data 07/06/2022.

Dáse conta da non necesidade de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emitida con data do 03/11/2022.

Dáse conta da autorización emitida pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia con data do 08/09/2022.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000300400NH43G0001YJ, emprazada en A Picota -Lestedo (Boqueixón), en solo cualificado polo vixente PXOM do concello de Vedra como Rústico de especial protección agrícola, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada, aos datos comunicados e ás autorizacións sectoriais emitidas.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e tres euros (#73,00#).

2.5.- Comunicación de obra de dona Susana Collazo Gómez. (Expediente número 2022/U026/000064)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Susana Collazo Gómez, en calidade de representante de Comunidade de Propietarios de Edificio O Castro, para reparación de beirarrúa que bordea o edificio substituíndo plaquetas deterioradas.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 8465208NH4386N, emprazada en Castro, 49 – Ponte Ulla, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Residencial de media densidade en tipoloxía mixta- U-2 , e cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.6.- Comunicación de obra de Clidom Solar, S.L. (Expediente número 2022/U026/000070)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por Clidom Solar, S.L. para instalación de placas solares fotovoltaicas en cuberta de edificación nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Eric Magri Bosch en calidade de graduado en enxeñería industrial e de data 22/09/2022.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A50700515, emprazada en San Gregorio, 14 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria R-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento oitenta e sete euros con dezaseis céntimos (#187,16#).

2.7.- Comunicación de obra de dona María Jesús Fernández Mogo. (Expediente número 2022/U026/000077)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona María Jesús Fernández Mogo para pavimentación na parte posterior da vivenda de 7x1,5 metros, recibir edificación existente en bloque e encintar parede nos termos da documentación achegada.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 2662111NH4326S, emprazada en Avda. M. M. Gómez, 4 - Vedra, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta U-1, e cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e tres euros con sesenta céntimos (#63,60#).

.8.- Comunicación de obra de don Adrián Parada García. (Expediente número 2022/U026/000078)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Adrián Parada García para construción de acceso rodado a unha parcela nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Antonio Sabucedo Costa en calidade de arquitecto e de data 28/10/2022.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A50701654, emprazada en Tomonde, 60 - Ribadulla (Santa Cruz), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais N-2 , e cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.9.- Comunicación de obra de dona María del Carmen Sanjurjo Pereira. (Expediente número 2022/U026/000079)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona María del Carmen Sanjurjo Pereira para acondicionamento de local para salón de peiteado, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Jorge Vales Fernández en calidade de arquitecto e de data outubro de 2022 .

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 7164803NH4376S0003UA, emprazada en Eiravedra, 31 Baixo - Ribadulla (Santa Cruz), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Residencial de media densidade en tipoloxía mixta U-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Previo ao inicio da actividade deberá achegar a preceptiva comunicación xunto coa documentación establecida regulamentariamente.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de trescentos vinte euros con setenta e dous céntimos (#320,72#).

2.10.- Comunicación de obra de don Odón C. Cobas García. (Expediente número 2022/U026/000084)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra achegada por Odón Casimiro Cobas García para arranxo de dous tramos de muro de aproximadamente 5 metros de largo.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090B50400114, emprazada en Galegos, 10 - Vilanova (San Pedro), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais N-2 , e cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.11.- -Instancia núm. 202299900001004 de don Vicente Blanquer Torre. (Expediente prórroga número: 2022/U003/000004)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 19/05/2022 concedeulle licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar en Marzán de Abaixo, 21 - Vedra (Expediente número 2021/U022/000021), e dado que por diversos motivos non se puideron iniciar as obras no prazo concedido, solicita a concesión dunha prórroga.

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha prórroga, por un novo prazo de 6 meses para o inicio das actuacións autorizadas no expediente 2021/U022/000021.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido.

3º.- Dar conta de Resolúcións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolúcións da Alcaldía do mes de outubro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
677	03/10/2022	Aprobación Modificado do proxecto de Mellora de camiños en Reboredo, Socastro, Agrelo e outros (POS + Adicional 2/2021), logo da supervisión da Deputación
678	03/10/2022	Alta SAF-Libre concorrencia de MCF
679	03/10/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
680	04/10/2022	Desestimando devolución de ingresos a NSL pola taxa do programa conxuga, modalidade de ludoteca
681	04/10/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade de madrugadores, correspondente á mensuralidade de outubro
682	04/10/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade de ludoteca, correspondente á mensuralidade de outubro
683	04/10/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, correspondente á mensuralidade de outubro
684	04/10/2022	Adxudicación praza programa Conxuga a UAS
685	04/10/2022	Adxudicación praza programa Conxuga a AAS
686	04/10/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
687	05/10/2022	Aprobación conta xustificativa subvención nominativa



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		concedida á ANPA do CEIP de Ortigueira e orde de pagamento segundo convenio
688	05/10/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
689	05/10/2022	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o concello e a A.C. do Ensino da Arte da Música prevista no orzamento municipal
690	05/10/2022	Xeración de créditos vinculada á achega concedida para o financiamento do investimento de Pavimentación de pistas en San Xián, Illobre, San Mamede e outros (POS +Adicional 2/2022)
691	06/10/2022	Ampliación prazo para xustificación de subvención directa concedida ao C.D. San Mamede para a organización do Trofeo Concello de Vedra 2022
692	06/10/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
693	06/10/2022	Expediente limpeza de parcelas
694	07/10/2022	Aprobación expediente de contratación da obra de Pavimentación de pistas en San Xián, Illobre, San Mamede e outros (POS +Adicional 2/2022)
695	07/10/2022	Expediente limpeza de parcelas
696	07/10/2022	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Asociación Escola de Música de Vedra e orde de pagamento segundo convenio
697	07/10/2022	Inicio expediente de licitación de Actuacións de formación, difusión e seguimento de proxecto (cofinanciado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para actuacións en materia de biorresiduos) (Exp. 2022/C002/000018)
698	07/10/2022	Expediente limpeza de parcelas
699	10/10/2022	Cumprimento trienios de funcionarias municipais
700	10/10/2022	Adxudicación praza na EIM , curso 2022/2023 a NVT
701	10/10/2022	Aprobación Plan de Medidas Antrifraude (PMA) do Concello de Vedra (https://sede.vedra.es) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)
702	10/10/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2022.34 por importe de 20.226,65 euros
703	10/10/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a pagamentos pendentes de aplicar ao orzamento incluídos na relación de facturas F.2022.33 por importe de 3.365,20 euros
704	11/10/2022	Cambio de titularidade no SAF, modalidade libre concorrencia de IPG
705	11/10/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM en concepto de comedor correspondente á mensuralidade de setembro de 2022
706	11/10/2022	Aprobación do Plan de Formación do Concello de Vedra para o exercicio 2022
707	11/10/2022	Delegación atribucións na concelleira de cultura, dona Diana Varela Barreiro para celebrar matrimonio civil o 15/10/2022
708	13/10/2022	Autorización uso de vagón coworking á empresa Financiera Maderera, S.A para reunión de compañeiros de traballo
709	13/10/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
710	14/10/2022	Prórroga contrato de traballo a Manues Gestoso Filloy, como oficial de segunda tractorista, con contrato por circunstancias



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		de produción ata o tempo máximo establecido legalmente (6 meses)
711	14/10/2022	Variación tipo de contrato de José Carlos Zas Villaverde por confirmación de IT do titular do posto de axudante de recollida de lixo (410 temporal substitución interinidade)
712	14/10/2022	Concesión de licenza para ampliación de fosa de xurro en estabulación leiteira en Francés nº 3 –San Pedro de Vilanova, por razóns de urxencia
713	17/10/2022	Aprobación certificación núm.1 da obra de Ampliación da rede de sumidoiros en Quintáns – San Xián de Sales (POS + 2021), e factura correspondente da empresa adxudicataria, Construcciones Caldevergazo, S.L (Exp. 2022/C003/000001), por importe de 44.324,65 euros
714	17/10/2022	Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade a MCPC
715	17/10/2022	Adxudicación de contrato de Actuacións de formación, difusión e seguimento do proxecto (biorresiduos) a Rubén Villasenín Iglesias (Exp. 2022/C002/000018)
716	17/10/2022	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida ao C.D. San Mamede e orde de pagamento segundo convenio
717	18/10/2022	Solicitude ao Concello de Boqueixón de ingreso do 50% do resultado negativo correspondente á actividade de campamento xuvenil e infantil, segundo convenio asinado entre as partes
718	18/10/2022	Solicitude ao Concello de Boqueixón do ingreso do 50% do resultado negativo correspondente á actividade de Correntes do Ulla, segundo convenio asinado entre as partes
719	18/10/2022	Aprobación conta xustificativa e toma de coñecemento en contabilidade da subvención concedida pola Secretaría de Política Lingüística para programas de dinamización lingüística
720	18/10/2022	Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade a AMN
721	18/10/2022	Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade a JNC
722	18/10/2022	Pago bonos de alimentos (XVII)
723	18/10/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 2 de San Mamede de Ribadulla
724	18/10/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 33 de Matelo – San Xián de Sales
725	18/10/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 18 da R/Alcalde Francisco Carrillo – Santa Cruz de Ribadulla
726	18/10/2022	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 15 de Neira de Arriba - San Mamede de Ribadulla
727	18/10/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
728	18/10/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
729	19/10/2022	Modificación de créditos núm. 15/22 (transferencias entre aplicacións orzamentarias da mesma área de gasto)
730	19/10/2022	Baixa no padrón fiscal da taxa por sumidoiros
731	20/10/2022	Alta SAF –Libre concorrencia de MPDS
732	20/10/2022	Pago axuda de emerxencia social concedida e xustificada a VMS
733	20/10/2022	Aprobación PSS da obra de Saneamento en Santa Cruz (POS + Adicional 2/2021), presentado pola adxudicataria Obras y



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		Viales de Galicia, S.L
734	21/10/2022	Convocatoria cursos do Plan de Formación do Concello de Vedra para o ano 2022 (Prevención de riscos laborais e igualdade)
735	21/10/2022	Concesión de axuda de emerxencia social a RPF
736	21/10/2022	Aprobación conta xustificativa da subvención directa concedida ao C.D. San Mamede para a organización do Trofeo Concello de Vedra 2022
737	21/10/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
738	21/10/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
739	21/10/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
740	24/10/2022	Concesión de axuda de emerxencia social a JLNC
741	24/10/2022	Concesión de axuda de emerxencia social a MFM
742	24/10/2022	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o concello e O Club de montaña Vértice prevista no orzamento
743	24/10/2022	Aprobación das indemnizacións por asistencias aos membros da Corporación do 3º trimestre de 2022
744	24/10/2022	Aprobación dotacións económicas aos grupos políticos municipais do 3º trimestre de 2022
745	24/10/2022	Aprobación certificación da obra de Reforma da escola unitaria de San Fins de Sales e factura correspondente da adjudicataria Construcciones Icafer, S.L. por importe de 35.765,49 euros (Exp. 2022/C002/000015)
746	24/10/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
747	24/10/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
748	26/10/2022	Expediente limpeza de parcelas
749	26/10/2022	Incoando expediente para a imposición de multas coercitivas por incumprimento de orde de execución para a conexión de inmovible á rede de saneamento en Tomonde -Santa Cruz de Ribadulla
750	26/10/2022	Aprobación conta xustificativa e toma de coñecemento en contabilidade de subvención concedida por Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a rehabilitación da escola de San Fins de Sales
751	26/10/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria da actividade de inglés, correspondente á mensualidade de outubro
752	27/10/2022	Aprobación gastos en concepto de axudas de custo aos participantes no proxecto Voluntariado Sénior <i>A maiores 2022</i>
753	27/10/2022	Aprobación e orde de pagamento das nóminas correspondentes ao mes de outubro de 2022
754	27/10/2022	Solicitud de subvención dentro do Programa piloto Talento interxeracional , no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (NextGenerationUE) para o Programa de Voluntariado interxeracional no Medio Rural “Uve de”
755	27/10/2022	Aprobación listaxe de persoal admitido na convocatoria do Plan de Formación do Concello de Vedra para o exercicio 2022
756	28/10/2022	Designación vogal-técnica na Mesa de contratación da obra de Pavimentación de pistas en San Xián, Illobre, San Mamede e outros (POS +Adicional 2/2022)
757	28/10/2022	Aprobación da conta xustificativa da subvención nominativa



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		concedida ao Club Deportivo San Mamed, con NIF G15380868 e orde de pagamento segundo convenio.
758	28/10/2022	Aprobación padrón fiscal taxa por abastecemento de auga do 3º trimestre de 2022
759	28/10/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2022.35 por importe de 168.427,62 euros
760	31/10/2022	Aprobación quilometraxe do persoal do CIM correspondente ao 3º trimestre de 2022
761	31/10/2022	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida para o proxecto de Voluntariado Sénior <i>A maiores 2022</i>
762	31/10/2022	Altas no padrón municipal de habitantes

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4º.- Outros asuntos.

4.1.- Aprobación padrón fiscal do SAF.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao 3º trimestre de 2022, cuxo resumo é o seguinte:

	Nº usuarios	Importe (euros)
Usuarios dependentes	59	16.899,27
Libre concorrencia	18	5.385,42

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado padrón.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e dez minutos.